




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

1-Comarca: Rías Altas. Sector: Costa Norte de Ferrol. Concello: Ferrol. Parroquia: Santa Uxía de Mandiá, a parte oriental; San Martiño de Covas, a occidental. Extensión: 2,93km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

As enseadas areosas do arco Ponzos-Santa Comba, que se abren nunha costa con dominio rochoso e con grandes cantís vinculados con levantamentos e basculamentos tectónicos constitúen intensos cambios na paisaxe xeral. A súa orixe é mixta: por un lado aparece o dominio dos xistos de Ordes e por outro, existen fracturas que explican tamén a apertura das suaves entrantes en sentido suroeste. Ambos os dous entrantes, abertos, conteñen praias ancoradas en dous extremos, con sectores cantís laterais e campos de dunas centrais que ascenden por cantís de menor potencia e vertentes de pendente suave labrada no corredor de xistos. No caso de Ponzos, existe un cantil na marxe oriental que presenta gran potencia e dinamismo, ademais de ter un depósito de orixe fría e de dimensión notable fosilizando unha fronte rochosa basculada que vai descendendo en altura cara ao oeste. Inclúe o EIX Depósito antigo costeiro de Ponzos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Incluída en dous dominios: Hercínico, na parte este cun ortogneis biotítico-moskovítico; da Serie "de Ordes", con metapelitas e metasamitas de idade variable que vai do Precámbrico ao Silúrico, no centro e oeste da unidade. Na marxe O do ortogneis alíanse dous diques de pórfidos graníticos. Entre Sartaña e Santa Comba acontecéense diques de dolerita / diabasa e anfibolitas. Cuaternario pleistoceno (depósito de orixe fría) e holoceno (praia/duna) na costa de Ponzos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Complexo sedimentario incluído dentro do dominio climático Cálido e Subhúmido: temperatura media anual superior a 14°C e precipitacións acumuladas de 1000mm a 1200mm, a amplitude térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

A presenza de dous tipos de rocha e dalgúns contrastes topográficos dentro dunha cunca disimétrica explican a variedade de solos, ata catro tipos, nesta pequena unidade. A esquina SE modélase nun macizo de granito e gneis, aparecendo leptosóis líticos nas partes altas, cuxas achegas, ladeira embaixo, forman umbrisois dístrico-lépticos. A parte de xistos occidental conta con fluvisóis hápticos nas zonas máis chás. As áreas máis altas ou en pendente, achegan cambisois, dístricos no noroeste da unidade e dístrico-úmbricos na esquina meridional da mesma. Á parte diso, as dunas remontantes do complexo sedimentario achegan arenosois.


AS AUGAS

Unidade sedimentaria cuxo prolongación continental se corresponde coa cunca do Rego da Fonte, pequeno curso fluvial que desauga no extremo SO da praia de Ponzos na masa de Augas Costeiras 20120.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Costa de Ferrolterra-Valdoviño. Unidade sedimentaria na que os hábitats de praias e duna son os característicos (grupo21), pero que conta tamén con sectores de 1230 –nos extremos-, cantís atlánticos e plataforma, 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados". Nos extremos cantís aparecen áreas de mato costeiro, hábitats 4030 e 4040, pero a iso hai que sumar os espazos hidromorfos traseiros, moi evolucionadas, onde aparecen prados do hábitat 6420 e breixos húmidos atlánticos, hábitat 4020. Conta con citas dos taxons vexetais vulnerables protexidos: *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*, *Antirrhinum majus* subsp. *linkianum* e *Rumex rupestris*. A liña de costa e a ladeira máis oriental están dentro do LIC Costa Ártabra. A liña de costa e a ladeira máis oriental están dentro do LIC Costa Ártabra.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Os usos presentes son o pesqueiro e o uso recreativo e turístico das praias de Ponzos e Sartaña, especialmente. Unha vez superado o sistema de dunas, repártese entre un mosaico agrícola que ocupa a metade occidental do ámbito e o bosque de reforestación e a matogueira costeira no seu flanco oriental.

MORFOLOXÍA

O sistema de asentamentos presente é de carácter rural tradicional, concretamente son os núcleos de Covarradeiras, Ragón e A Aldea os que representan o seu modelo de organización territorial. Distribúense nas zonas máis resgardadas e chairas, na zona da chaira costeira que actúa como divisoria das vertentes norte e oeste do cabo Prior. A súa estrutura é basicamente lineal e na súa contorna desenvólvese un atomizado de parcelas que se apoian na primeira estrada de acceso, a hoxe C-3603. Os crecementos máis contemporáneos responden a un uso residencial exclusivamente, desvinculado das funcións rurais e producíronse próximos ao tradós da praia de Ponzos, no lugar de Picheiro, e na contorna do núcleo da Aldea, cabeza parroquial de San Martiño de Covas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada provincial C-3603 une os asentamentos orixinais existentes, sendo a vía de maior entidade desta unidade. A rede de comunicacións complétase con camiños e pistas que percorren o parcelario.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como elemento patrimonial figuran os restos da explotación mineira de cobre, de Covarradeiras, en estado ruinoso e hoxe ocultada pola vexetación.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Espazo de carácter rural no que se desenvolveu sobre as suaves formas sedimentarias un modelo de organización do territorio tradicional cos núcleos emprazados na ruptura de pendente do anfiteatro no que se erixe a unidade. A súa actividade presenta unha vocación mariñeira, como evidencian as embarcacións presentes na lámina de auga da praia de Sartaña, complementándose o seu medio de vida coa explotación agraria. No que respecta á organización, a fronte desta unidade está constituído por un sistema de praias separado por un esporón rochoso, que debe a súa existencia á intrusión dun dique rochoso de maior resistencia. Praias moi expostas á ondada oceánica que propicia un patrón de deriva do sedimento regular. A baixa topografía dos terreos situados tras a praia e a debilidade litolóxica propiciaron un acusado retroceso da costa conformando uns cantís moi baixos que poden verse cubertos polas areas.

DINÁMICA DA PAISAXE

Covas evolucionou conxugando a dinámica propia dun sistema de asentamentos de pequena entidade costeira no que as explotacións agrícolas complementaban as actividades produtivas, e a vinculación administrativa e funcional coa próxima cidade departamental. Recentemente, os usos turísticos e de segunda residencia comezaron a orixinarse especialmente na contorna do núcleo da Aldea.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade na que, como na gran parte do sector de Costa Norte de Ferrol, os valores máis sobresaíntes son os naturais e xeomorfolóxicos, como pon de manifesto a súa inclusión no LIC e ZEPVN de Costa Ártabra e a súa clasificación como Espazo de Interese Xeomorfolóxico Depósito antigo costeiro de Ponzos. Ademais a presenza do mosaico agrícola da parroquia de San Martiño de Covas permite a realización dunha lectura comprensiva do modelo de organización territorial tradicional asociado as dinámicas litorais deste sector. A escena caracterízase pola súa horizontalidade e amplitude, presentando unha conexión visual coa vertente oeste do cabo Prior. Para a contemplación da escena propónse o tramo final dun carreiro que desemboca no saínte de Pedrouzo.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



